
ORIXES

XOVES 28 MAIO 2026

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Amandine Beyer, directora

CONVERSANDO CON...

Amandine Beyer

Sala Mozart, 19.45 h

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



PROGRAMA

GEORG FRIEDRICH HÄNDEL (1685-1759)

Suite núm. 1 en Fa maior, da Música Acuática, HWV 348

Overture

Adagio e staccato

Allegro

Andante

Presto

Air

Minuet

Bourée

Hornpipe

Allegro moderato

CARL FRIEDRICH ABEL (1723-1787)

Sinfonía núm. 4 en Do maior, Op. 17

Allegro maestoso

Andante

Allegro ma non troppo presto

JOHANN CHRISTIAN BACH (1735-1782)

Abertura e Suite de Amadis de Gaula

Ouverture

Largo

Gavotte 1/Gavotte 2

Andantino grazioso

Allegro/Lent

Choeur (Allegro/adagio/allegro)

Adagio

Tambourin

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Anca Smeu **
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Daniel Kordubaylo

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Enrique Roca **
Gyula Vadaszi
Kiyoko Ohashi
Leticia Herranz

VIOLAS

Natalia Madison *
Anne Schlossmacher **
Timur Sadykov

VIOLONCELLOS

Carlos García *
Fabio Arias **
Manuel Lorenzo

CONTRABAIXOS

Alfonso Morán *
Amador del Pozo **

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

CLAVE

Ramón Pérez-Sindín (R)

AMANDINE BEYER, DIRECTORA E VIOLÍN

Desde o inicio da súa carreira, fai máis de vinte anos, Amandine Beyer ofreceu concertos en todo o mundo, tocando en prestixiosas salas como a Philharmonie de París, o Carnegie Hall de Nova York, o Wigmore Hall de Londres, Bozar en Bruxelas, o Oji Hall de Toquio... Foi convidada regularmente como solista e directora por conxuntos como Freiburger Barock Orchester, Akademie Für Alte Musik, Arion Orchestra de Montreal, European Union Baroque Orchestra, Tafelmusik Baroque Orchestra de Toronto, Les Siècles, Ensemble 415 de Chiara Banchini, Finnish Baroque Orchestra...

En 2006, Amandine Beyer funda o seu propio grupo Gli Incogniti, co que aborda a música de Bach, Vivaldi, Corelli, Pachelbel, Matteis, Couperin, CPE Bach, Haydn, Mozart... Gli Incogniti

tocou nos máis prestixiosos festivais e salas de concerto tanto en Francia (Philharmonie de París, Théâtre des Champs Elysées, Arsenal de Metz, Opéra de Bordeos, Festival Radio France Montpellier Occitanie, Festival de Saintes...) como do resto do mundo (Boston Festival, Bergen International Festival en Noruega, Wigmore Hall, Concertgebouw de Bruxas, Flagey e Bozar en Bruxelas, Philharmonie de Liexa, Philharmonie de Luxemburgo...).

En 2011 Amandine Beyer grava as Sonates & Partitas de J.S. Bach (ZigZag Territoires/Outhere Music) que obtén un enorme éxito de crítica e público. Pouco despois é chamada pola coreógrafa Anne-Teresa de Keersmaeker (directora da compañía de danza Rosas) para crear o espectáculo Partita 2. Tras

cinco representacións na Cour d'Honneur do Palacio dos Papas de Aviñon que clausuraron o Festival IN, iniciaron unha xira internacional con máis de 80 representacións por todo o mundo.

Esta colaboración continúa en 2018 coa participación do seu grupo Gli Incogniti no proxecto The Six Brandenburg Concertos, que se representou na Ópera de París, a Monnaie de Bruxelas, Berlín, Nova York, Liexa, Lille, Luxemburgo... En 2022, colaboraron unha vez máis con *Mystery Sonatas / for Rosa* que pon en escena a integral das *Sonatas do Rosario* do compositor austríaco Heinrich Ignaz Franz Biber.

Paralelamente, Amandine Beyer desenvolve unha importante actividade camerística con músicos como Pierre Hantaï, Kristian Bezuidenhout ou

Andreas Staier, que abarca desde o repertorio barroco ao romántico con compositores como Schubert ou Beethoven. En 2015 crea o Kitgut Quartet, cuarteto de cordas con instrumentos históricos. O seu primeiro disco *T'is too late to be wise*, adicado a Haydn e á música inglesa (Purcell, Locke), é publicado en 2019 por Harmonia Mundi e recibido pola crítica con loas.

Desde a gravación en 2008 das *Catro Estacións* de Vivaldi que dá a coñecer o grupo ao gran público, a discografía de Amandine Beyer e de Gli Incogniti é recibida calurosamente pola crítica e recompensada con numerosas distincións (Diapason d'Or, Choc de l'année, Gramophone Editor's Choice, 4F de Télérama). Nesta temporada, no espazo de poucos meses, dous discos foron publicados por

Harmonia Mundi. En setembro de 2022 *Il Mondo al Rovescio*, dedicado aos concertos para varios instrumentos de Vivaldi e máis tarde, en febreiro de 2023, o disco *Mystery Sonatas*, coa integral das *Sonatas do Rosario* de Biber.

Tras os seus estudos na clase de Chiara Banchini na Schola Cantorum Basiliensis, Amandine Beyer sucédea como profesora de violín barroco en 2010. Apaixoada da ensinanza e a transmisión, crea en 2017 unha Academia de música de cámara e traballo corporal con Gli Incogniti. É convidada regularmente para impartir clases maxistras por todo o mundo (Italia, Alemaña, Taiwan, Estados Unidos, O Canadá...).

NOTAS AO PROGRAMA

ORIXES

Esta noite a Real Filharmonía presenta o penúltimo concerto da temporada cun programa centrado no Barroco e os albores do Clasicismo que servirá para explorar as orixes dalgúns dos xéneros mais importantes da música occidental (suite, sinfonía) e eventos cruciais como o nacemento dos concertos públicos. A directora e violinista Amandine Beyer, artista residente da Real Filharmonía, achéganos un repertorio conformado por obras de Georg Friedrich Händel, Carl Friedrich Abel e Johann Christian Bach, todos eles moi vinculados coa escena musical inglesa do s. XVIII.

A primeira obra que escoitaremos é a *Suite núm. 1 en Fa Maior da Música Acuática* HWV 348 do compositor Georg Friedrich Händel (1685-1759). O autor naceu en Halle (Alemaña) no seo dunha familia de profesionais libres o mesmo ano que J. S.

Bach, en 1685. Dende moi novo comezou a súa formación musical, acadando con tan só 18 anos o posto de organista da súa cidade. O seu pai prefería outro destino para el, así que Händel compatibilizou durante un tempo a súa dedicación á música cos estudos de dereito, que pronto abandonou. Traballou na ópera de Hamburgo como violinista e clavecinista e posteriormente viaxou a distintas cidades italianas —Florenzia, Roma ou Venecia— para formarse como compositor operístico. En 1711, con 26 anos, estableceuse en Londres onde desenvolvería o resto da súa carreira musical, acadando a nacionalidade inglesa en 1727 e converténdose moi pronto no compositor principal de ópera italiana en Inglaterra onde ocupou importantes cargos como o de director da Royale Academy of Music. Dominou todos os tipos de música vocal e instrumental e tivo un estilo cosmopolita e

ecléctico, apoiado na música alemá, italiana, francesa e inglesa que foi unha das claves do seu éxito. A diferenza doutros autores do Barroco como Vivaldi, Bach ou Rameau, conseguiu renome internacional durante a súa vida e a súa música tocouse dende entón. A pesar de que tivo moito apoio popular, non foi un traballador por conta allea, senón que contou co apoio de distintos mecenas ao longo da súa vida como era habitual por aquel entón, destacando especialmente a monarquía inglesa. Händel é considerado polos ingleses unha institución nacional e trala súa morte en 1759 foi enterrado con honores públicos na abadía de Westminster.

A *Música Acuática* naceu froito dun encargo do rei George II en 1717 como música para acompañar unha viaxe polo río Támesis que o monarca e a súa comitiva tiñan pensado realizar dende Londres ata Chelsea. A tradición de facer concertos ao aire libre en xardíns ou ribeiras dos ríos era unha herdanza francesa que tamén se puxo de moda en Inglaterra. Un dos

participantes no evento escribiu: «arredor das oito da noite, o rei subiu á súa barcaza. Xunto a esta estaba a barca dos músicos, uns 50... A música fora composta especialmente polo famoso Händel... A aprobación da súa maxestade foi tan grande que fixo que se tocara tres veces en total, dúas antes e unha despois da cea, aínda que cada actuación durara unha hora». Händel ideou unha obra onde reciclou pezas vellas e compuxo algunhas novas e que se estrutura en 3 suites. A suite en orixe é un xénero instrumental conformado por un conxunto de danzas contrastantes que xorde no Barroco e existiron para instrumento só, pero tamén para orquestra. Estas últimas foron empregadas como entretemento nas cortes e nalgúns casos estaban formadas por unha selección de números de óperas e ballets (como a última obra que hoxe escoitaremos). A primeira das suites está formada por 9 números: unha abertura (de tipo francés con tres partes lento-rápido-lento), un *adagio* e seguidamente un conxunto de danzas de distintas orixes

—*hornpipe, gavotte, passepied, menuet, bourré*— todas elas moi de moda durante o Barroco.

Durante o século XVIII van xurdir en distintas partes de Europa os concertos públicos e as series de concertos. A diferenza dos concertos privados, estas iniciativas supoñían unha operación lucrativa, posto que para o acceso era necesaria a adquisición dunha entrada, así que este fito marcou un cambio de paradigma na música e introduciu a esta na actividade de mercado. As entradas non eran asumibles para a maioría, polo que o público normalmente pertencía á clase media alta ou a unha adiñeirada clase ociosa. As primeiras salas e sociedades de concertos xorden en Londres sobre todo a partir de 1720, como a Academy of Ancient Music, dedicada á música dos séculos XVI e XVII. En París, en 1725 fúndanse os *Concert spirituel* e cara as últimas décadas da centuria aparecen as primeiras organizacións deste tipo na zona xermánica (Leipzig, Viena ou Berlín). Os dous compositores que veñen a continuación no

programa, protagonizaron unha das iniciativas máis importantes neste sentido: unha serie de abonos anuais de concertos públicos promovidos entre 1765 e 1781 en Londres, os coñecidos como concertos “Bach-Abel”. Nesta época adoitaban presentar unha miscelánea de xéneros e conxuntos instrumentais ou vocais diversos nun mesmo programa, e estaban concibidos como eventos sociais nos que se podía camiñar e conversar xa que o costume de concertos silenciosos no ámbito clásico é unha tradición e herdanza do s. XIX.

Carl Friedrich Abel (1723-1787) foi un gran violagambista do s. XVIII, un dos instrumentos con mellor reputación na época. Naceu en Cöthen e os inicios na súa formación musical foron da man do seu pai, violinista e violagambista na corte do príncipe Leopoldo de Anhalt-Köthen. Segundo o musicólogo Charles Burney anos despois estudou con J.S. Bach en Leipzig e en 1747 acadou o primeiro posto de traballo na orquestra da corte de Dresde, onde

coincidiu cun dos fillos de Bach, Wilhelm Friedemann, quen exercía alí de organista. Porén, un acontecemento histórico obrigouno a cambiar de vida e a emigrar como lle pasaría a moitos compositores ao longo da historia: a Guerra dos Sete Anos (1756-1763). Abel viaxa entón a Londres, cidade á que chega nunha penosa situación económica. O seu talento pronto seduce a mecenas e outros compositores como J. C. H. Bach, quen influiría moito no seu estilo no que destacan unha escritura brillante para corda de influencia italiana, o equilibrio das formas e un elaborado desenvolvemento do material melódico.

As seis sinfonías op. 17 de Abel foron compostas entre 1782 e 1786 e encóntranse entre as últimas obras orquestrais do compositor. A sinfonía é un dos xéneros máis fecundos da historia da música e só do século XVIII consérvanse unhas 12.000, ás que habería que sumar moitas que se perderon. Trátase de obras para orquestra divididas nun principio en tres movementos, aínda que logo a súa estrutura quedou fixada

en catro. A súa orixe está nas aberturas de ópera (pezas instrumentais que daban inicio á obra e que no caso italiano se denominaban *sinfonia avanti l'opera*) e nos concertos *ripieno* (sen solistas), xéneros típicos do Barroco. A *Sinfonía núm. 4 WK 34* está escrita en Do maior e consta de tres movementos: *Allegro maestoso*, *Andante* e *Allegro ma no troppo presto*.

A derradeira obra do concerto desta noite é unha suite conformada por unha selección de números da ópera *Amadis de Gaula* de Johann Christian Bach (1735-1782), o último dos fillos de Johann Sebastian Bach e Ana María Magdalena. Cando morre o seu pai en 1750 tiña 15 anos, así que se traslada a Berlín para vivir co seu irmán Carl Philip Emanuel, converténdose tamén no seu alumno. Entre 1754 e 1756 residiu en Italia, concretamente en Milán, onde estuda co Pai Giovanni Battista Martini e senta unha importante fama como compositor de igrexa e de teatro (comezou a chamárselle o Bach "milanés"). A súa reputación da o salto internacional e no verán

de 1762 chega a Londres, onde foi nomeado mestre de música da raíña Carlota, esposa do rei George III. Un ano despois a familia real concédelle un privilexio para a publicación das súas obras. En 1764 recibiu na capital Inglesa a Mozart nunha das súas xiras como neno prodixio orquestradas polo seu pai que causaría grande impacto no xenio salzburgués quen falaría sempre do “Bach inglés” cun gran afecto e admiración.

A ópera *Amadis de Gaula* foi un encargo do director da Academie Royale de Musique, Anne Pierre Jacques Devisme en 1779 co fin de renovar o repertorio da institución e sobre todo superar a *querelle* entre Gluckistas e Piccinistas. Esta disputa dialéctica e estética con matices políticos tivo lugar nos anos anteriores á Revolución Francesa e dividiu ao mundo musical francés entre os partidarios do estilo alemán de Gluck e aqueles afíns ao universo italiano de Piccini (anteriormente houbera debates deste tipo como a coñecida *querelle des bouffons* que enfrontou aos partidarios

da ópera francesa como Rameau contra os defensores da italiana, por exemplo o filósofo Rousseau). A ópera baseouse nun libreto elaborado por Quinault que xa fora empregado por Lully e que estaba inspirado na célebre novela de cabalarías española *Los cuatro libros del virtuoso caballero Amadís de Gaula* publicado en 1508 (sobre este argumento tamén existen dúas óperas máis, de Händel e Massenet respectivamente). Pese á gran calidade musical da obra, a ópera foi retirada despois de sete representacións polo seu escaso éxito, seguramente explicado polo non encaixe da temática en pleno Século das Luces. Bach non volveu a París e morreu tres anos despois e Devismes deixou o seu cargo. A ópera permaneceu esquecida ata os anos 70 do século XX cando comezou a súa recuperación.

Un interesante concerto cargado de «historias» o que nos presenta esta noite a Real Filharmonía de Galicia.

Carne Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO
VARIACIÓNS DA HISTORIA

XOVES 4 XUÑO (18€)
Auditorio de Galicia, 20.30h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Santiago Cañón-Valencia, violonchelo

- Octavi Rumbau: I love sounds just as they are (proxecto Cometas). Estrea absoluta
 - Alberto Ginastera:
Variacións concertantes, Op. 23
 - Antonín Dvorák: Concerto para violonchelo e orquestra en Si menor, Op. 104
-

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

